



O NOSO UNIVERSO

Biblioteca CEIP San Francisco Xabier

Xaneiro 2009



SI LA LUNA PUDIERA
HABLAR

Os últimos momentos antes de se deitar, cando vai anoitecendo. Do cuarto dunha nena viaxamos a través da lúa a outros lugares do mundo.

PAPÁ; POR FAVOR, CONSÍGUEME LA LUNA

Unha nena quiere xogar coa lúa; párecelle que a ten preto pero por máis que o intenta non a dá alcanzado. Daquela seu pai colle unha escaleira moi longa para chegar á lúa.

*A lúa é velliña,
de brancos cabelos,
de enrugas de ouro
e de olliños cegos.
Érguese do leito
da foulas do mar
palpando os espazos
para camiñar
Anda polo mundo
sen ver a onde vai
pois as estreliñas
lévana da man.*


Luís Amado Carballo



EL PERRO EN LA LUNA

Dous cans amigos: un grande e outro pequeno. O grande fai moitas cousas, o pequeno só sabe contar historias.

Un día descobre que o que el fai é moi importante: serve para crear, para imaxinar e para dar felicidade aos que o escoitan.




COCO Y LA LUNA


Coco contempla todas as noites a lúa. Un día decide roubala para que só sexa súa. Pero pouco a pouco vai descubrindo os problemas que isto lle trae. Cando comprende que a lúa é de todos e quere devolvela, atópase con moitas dificultades.

Y LA LUNA SONRIÓ

Os animais da granxa non queren durmir. E a lúa vai acendendo todas as estrelas do ceo ata iluminar a noite.



OUTROS TÍTULOS




EL PEQUEÑO BÚHO Y LA GRAN LUNA

O mouchiño entristécese ao ver enfraquecer a lúa. Seu avó explicarlle o que lle pasa.



LA ESTRELLA MÁS BRILLANTE

Un grupo de amigos ve a luz dunha estrela no ceo. Deciden seguila para ver a onde os leva.



BUENAS NOCHES, LUNA

Á hora de se deitar o pequeno vai dicíndolle "boas noites" a todo canto ten ao seu redor.



A QUE SABE A LÚA?

Un fermoso conto no que un grupo de diferentes animais colaboran para chegar á lúa e averiguar a que sabe.

Unha bonita forma de presentar as ventaxas da cooperación.

*Luna, luna, luna,
del tiempo de la aceituna.*


Federico García Lorca

*Puedo escribir los versos más tristes esta noche.
Escribir, por ejemplo: "La noche está estrellada,
y tiritan, azules, los astros, a lo lejos."
El viento de la noche gira en el cielo y canta.*

Pablo Neruda

ENCENDER LA NOCHE

Un neno con medo á escuridade, ao oculto, ás pantasma que habitan a noite, á soidade. É o descubrimento da gran beleza que a noite amosa cando somos capaces de superar os medos.




Ray Bradbury, o seu autor, escribiu este libro para o seu fillo.

PARA SABER MÁIS



Distintas propostas para saber máis sobre o universo con explicacións e ilustracións que facilitan a comprensión dos conceptos tratados. Unha forma fácil e agradable que nos permite aprender novos coñecementos e a afianzar os que xa temos.



ATLAS DE ASTRONOMÍA


Este libro amosa unha panorámica do firmamento con breves e claras explicacións sobre os astros, o seu descubrimento e observación. Informa tamén da conquista do espacio polo ser humano.

E un recordo moi especial para...

JULES VERNE

O creador da ciencia-ficción. Un home que no século XIX adiantou o futuro e escribiu unha gran novela de aventuras "DA TERRA Á LÚA"





Galileo Galilei

EL MENSAJERO DE LAS ESTRELLAS

Libro de varias lecturas: por unha parte a vida de Galileo partindo da visión do mundo que había na súa época e, por outra, cunha tipografía moi diferenciada, citas, anotacións e datos documentais que culminan cos textos que sentaron as bases do progreso do pensamento da humanidade.



Un achegamento á figura deste gran home: filósofo, físico, astrónomo, matemático...

EL ASTRÓNOMO

Este fermoso libro, ilustrado por Loren Long, está baseado nun poema de Walt Whitman. Conta os sentimentos que esperta nun neno a contemplación do ceo e das estrelas.

O libro remata cunha frase de Einstein:

"A imaxinación é máis importante ca o coñecemento. O coñecemento é limitado. A imaxinación envolve o mundo".



LA CLAVE SECRETA DEL UNIVERSO

Stephen Hawking escribe esta novela que narra as aventuras polo universo dun rapaz e unha rapaza.

George, o neno, vén dunha familia con fondos valores ecolóxicos e Anni é filla duns científicos.

Ciencia e ecoloxía unidas para salvar o noso planeta.

Para facer esta novela Hawking contou coa colaboración de Lucy, a súa filla.